



| Teaching Guide         |  |               |  |                |
|------------------------|--|---------------|--|----------------|
| Identifying Data       |  |               |  | 2023/24        |
| <b>Subject (*)</b>     | Practicum II   | <b>Code</b>   | 652G02034  |                |
| <b>Study programme</b> | Grao en Educación Primaria   |               |  |                |
| Descriptors            |  |               |  |                |
| <b>Cycle</b>           | <b>Period</b>  | <b>Year</b>   | <b>Type</b>  | <b>Credits</b> |
| Graduate               | 1st four-month period  | Fourth        | Obligatory   | 36             |
| <b>Language</b>        | SpanishGalician  |               |  |                |
| <b>Teaching method</b> | Face-to-face   |               |  |                |
| <b>Prerequisites</b>   | Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I  |               |  |                |
| <b>Department</b>      | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía  |               |  |                |
| <b>Coordinador</b>     | Gómez Sánchez, Tania Fátima  | <b>E-mail</b> | tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es  |                |
| <b>Lecturers</b>       | Casás Salgado, Rafael Carlos<br>Castro Alonso, Vicente<br>Couto Cantero, Pilar<br>Dulsat Ortiz, Carles<br>Gabriel Fernandez, Narciso de<br>Garcia Barros, Susana<br>Gómez Sánchez, Tania Fátima<br>Gonçalves López, María Paz<br>Losada Puente, Luisa<br>Magdalena Vidal, Maria Victoria<br>Naya Riveiro, Maria Cristina<br>Otero Varela, Alejandro<br>Piñeiro Aguin, Isabel<br>Rodríguez Padín, Rocío<br>Rosa Napal, Francisco César<br>Sanchez Bello, Ana<br>Soneira Calvo, Carlos<br>Sordo Freire, Jose Antonio<br>Suarez Brandariz, Roberto<br>Torre Fernandez, Enrique de la<br>Vega Marcote, Pedro | <b>E-mail</b> | rafael.casas@udc.es<br>vicente.castro@udc.es<br>pilar.couto@udc.es<br>carles.dulsat.ortiz@udc.es<br>narciso.de.gabriel@udc.es<br>susana.gbarros@udc.es<br>tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es<br>paz.goncalves@udc.es<br>luisa.losada@udc.es<br>victoria.magdalena@udc.es<br>cristina.naya@udc.es<br>alejandro.otero.varela@udc.es<br>isabel.pineiro.aguin@udc.es<br>rocio.rodriguez.padin@udc.es<br>francisco.rnapal@udc.es<br>ana.sanchez.bello@udc.es<br>carlos.soneira@udc.es<br>j.sordo@udc.es<br>r.sbrandariz@udc.es<br>enrique.torref@udc.es<br>pedro.vega.marcote@udc.es |                |
| <b>Web</b>             | www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum  |               |  |                |



|                            |   |
|----------------------------|---|
| <b>General description</b> | <p>CORREO-E: vicedecanato.practicum.educacion@udc.gal</p> <p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 36 créditos da materia (900 horas), o 48,8% son de carácter presencial (440 horas) e o 51,2% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (460 horas).</p> <p>Das 440 horas de carácter presencial, 420 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais recomendablemente), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma a titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>?Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> |
|----------------------------|---|

| <b>Study programme competences</b> |  |
|------------------------------------|--|
| Code                               | Study programme competences  |
| A5                                 | Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.  |
| A9                                 | Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.   |
| A11                                | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.   |
| A15                                | Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.  |
| A16                                | Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.  |
| A17                                | Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.  |
| A18                                | Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.   |
| A20                                | Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.   |
| A22                                | Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.  |
| A61                                | Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.  |
| A62                                | Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia. |
| A63                                | Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.  |
| A64                                | Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.  |
| A65                                | Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.  |
| A66                                | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.   |
| A67                                | Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos.   |



|     |  |
|-----|--|
| A68 | Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.  |
| B1  | Aprender a aprender.   |
| B2  | Resolver problemas de forma efectiva.  |
| B3  | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.  |
| B4  | Traballar de forma autónoma con iniciativa.  |
| B5  | Traballar de forma colaborativa.   |
| B6  | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.   |
| B7  | Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.  |
| B8  | Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente.   |
| B9  | Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.   |
| B14 | Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.   |
| B15 | Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.  |
| B16 | Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.  |
| B17 | Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.  |
| B18 | Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.  |
| B21 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B22 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo   |
| B23 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética  |
| B24 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |
| B25 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Learning outcomes  |                             |                        |    |
|--|-----------------------------|------------------------|----|
| Learning outcomes  | Study programme competences |                        |    |
| Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento | A5<br>A68                   |                        |    |
| Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo                   | A64                         | B1<br>B3<br>B15<br>B18 | C7 |
| Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde e sobre a práctica                         | A9<br>A65                   | B17                    | C4 |



|  |                          |   |          |
|--|--------------------------|---|----------|
| Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro   | A17<br>A66               | B25   | C3<br>C8 |
| Deseñar e planificar unidades didácticas e proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas do alumnado, á igualdade de xénero , á equidade e ao respecto dos dereitos humanos e do medio | A15<br>A16<br>A17<br>A18 | B4<br>B5<br>B14<br>B16<br>B18               |          |
| Adquirir coñecemento practico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos   | A11<br>A61               |   |          |
| Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula demostrando as destrezas necesarias para favorecer un clima de aprendizaxe e convivencia   | A11<br>A62<br>A67        | B7  |          |
| Desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade   | A15<br>A63               | B2  |          |
| Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social, e desenvolver habilidades de traballo colaborativo e autónomo  | A20<br>A22<br>A68        | B4<br>B5                                    |          |
| Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo   | A64                      | B1<br>B3<br>B15<br>B18<br>B21<br>B22<br>B23 | C7       |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como profesional dun centro educativo  |                          | B6<br>B7                                    |          |
| Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito  |                          | B7<br>B8<br>B9<br>B24                       | C1       |

| Contents   |  |
|--|--|
| Topic  | Sub-topic  |
| Incidencia da organización das institucións educativas no funcionamento das aulas de educación primaria  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repercusións na vida das aulas da estrutura e organización do centro</li> <li>- Aspectos do funcionamento do centro a ter en conta á hora da programación docente</li> <li>- Cultura do centro vs. Cultura de aula</li> </ul>   |
| A concreción do currículo da educación primaria de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao de coherencia e contextualización dos diferentes documentos do centro: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula.</li> <li>- O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.</li> </ul>  |
| A xestión da aula na educación primaria como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constitúa como base da aprendizaxe ao longo da vida | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios e procedementos didácticos aplicados nas aulas</li> <li>- A integración das culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas á hora da intervención</li> <li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación primaria</li> <li>- A titoría (individual/grupal): organización e funcionamento</li> <li>- A avaliación de aprendizaxes: procedementos e instrumentos</li> </ul> |



|  |  |
|--|--|
| As programacións de aula como ferramenta para o desenvolvemento académico e persoal dos nenos/as na etapa de 6-12 anos | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A programación didáctica e a súa relación con outros documentos institucionais de planificación académica.</li> <li>- A adecuación da programación didáctica aos contextos e necesidades dos nenos, así como as competencias básicas a adquirir na etapa</li> <li>- Medidas de atención á diversidade a desenvolver no contexto da aula</li> <li>- A avaliación da programación como estratexia de mellora da calidade educativa do centro</li> </ul> |
| A reflexión sobre a práctica realizada (observación e intervención), como ferramenta para a innovación e a mellora     | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos do currículo a ter en conta á hora da súa avaliación tanto dende o punto de vista do deseñado coma do desenvolvido</li> <li>- Deseño de técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li> <li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li> </ul>                                      |

| Planning                      |  |                      |                               |             |
|-------------------------------|--|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests         | Competencies   | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
| Field trip                    | A9 A11 A15 A16 A17<br>A18 A20 A22 A61<br>A62 A63 A65 A66<br>A67 A68 B2 B4 B5 B6<br>B7 B8 B9 B14 B16<br>B18 B24 C1 C3 C4<br>C7 C8 | 420                  | 0                             | 420         |
| Seminar                       | A9 A64 B1 B3 B6 B8<br>B9 C1  | 10                   | 0                             | 10          |
| Student portfolio             | A9 A64 A66 B3 B4 B8<br>B9 B15 B16 B17 B18<br>B21 B22 B23 B24<br>B25 C1 C3 C4 C7 C8   | 0                    | 400                           | 400         |
| Events academic / information | A9 A64 B1 B3 B6 B8<br>B9 C1  | 5                    | 3                             | 8           |
| Document analysis             | A5 A64 B1 B15 B16<br>B23   | 0                    | 60                            | 60          |
| Personalized attention        |  | 2                    | 0                             | 2           |

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies |   |
|---------------|---|
| Methodologies | Description   |
| Field trip    | Constitúen as prácticas pedagóxicas: 420 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución, etc. Así mesmo realizarase o deseño dunha unidade didáctica ou proxecto educativo que se desenvolverá e avaliará na súa totalidade, ou en parte, segundo o determine o titor/a da institución. |



|                               |  |
|-------------------------------|--|
| Seminar                       | <p>1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección de centro (2 horas).</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</li> <li>- Ao finalizar a estadia no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul> |
| Student portfolio             | Ver documento en Anexos  |
| Events academic / information | O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Educación Primaria, que presentarán experiencias innovadoras desenvoltas nesta etapa educativa. A realización destes eventos dependerá da asistencia do orzamento necesario.   |
| Document analysis             | Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.   |

## Personalized attention

| Methodologies   | Description  |
|---|--|
| Field trip<br>Seminar<br>Student portfolio<br>Events academic / information | <p>O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</p> <p>- O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.</p> <p>-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.</p> <p>Un dos contactos co centro terá obrigatoriamente forma de visita.</p> <p>Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</p> |

## Assessment

| Methodologies | Competencies | Description | Qualification |
|---------------|--------------|-------------|---------------|
|---------------|--------------|-------------|---------------|



|                               |  |   |    |
|-------------------------------|--|---|----|
| Field trip                    | A9 A11 A15 A16 A17<br>A18 A20 A22 A61<br>A62 A63 A65 A66<br>A67 A68 B2 B4 B5 B6<br>B7 B8 B9 B14 B16<br>B18 B24 C1 C3 C4<br>C7 C8 | O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.   | 40 |
| Seminar                       | A9 A64 B1 B3 B6 B8<br>B9 C1  | O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios:<br>- Asistencia a todas as sesións presenciais<br>- Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.   | 10 |
| Student portfolio             | A9 A64 A66 B3 B4 B8<br>B9 B15 B16 B17 B18<br>B21 B22 B23 B24<br>B25 C1 C3 C4 C7 C8   | O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios:<br>- Capacidade de relación teoría-práctica<br>- Dominio conceptual e capacidade analítica<br>- Capacidade para relacionar ideas e accións<br>- Capacidade de argumentar e fundamentar<br>- Expresión escrita propia e claridade expositiva<br>- Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións<br>- Capacidade de autoavaliación e autocrítica<br>- Orixinalidade da proposta | 40 |
| Events academic / information | A9 A64 B1 B3 B6 B8<br>B9 C1  | O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado evento científico e/ou divulgativo cos seguintes criterios:<br>- Asistencia a todas as sesións.<br>- Calidade das achegas á hora de expoñer o contido das diferentes sesións así como a pertinencia e madurez das reflexión persoais ao respecto.   | 10 |

Assessment comments



a) Requisitos para superar a materia:

- Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

- As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

- Os seminarios e as xornadas non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

- O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

- A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

- No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

- Non realizar as prácticas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

- No caso de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4.

-No caso de que os eventos científicos e/o divulgativos non se realizaran por motivos organizativos o dez por cento da cualificación asignada a este apartado se sumará ao portafolio. A asistencia e a calidade das achegas a eventos científicos avalíanse conxuntamente, non podendo estar desvinculados un do outro. Para unha avaliación positiva neste apartado o alumno/a terá que asistir e facer as achegas.

Validez da nota da estadía en prácticas

Se só se aproba a estadía no centro de prácticas ou a saída de campo, a nota conservarase unicamente no curso académico en que se realizasen.

No seguinte curso, o/a alumno/a terá que matricularse novamente e facer a estadía ou a saída de campo ao centro.

### Sources of information

|                     |   |
|---------------------|---|
| <p><b>Basic</b></p> | <p>AGUADO ODINA, T. (coord.) (2010) Diversidad e igualdade en educación. Madrid, UNED. CARBONELL SEBARROJA, J. (2008) Una educación para mañana. Barcelona, Octaedro. CARBONELL SEBARROJA, J. (2009) La vida escolar en un curso: cosas que no siempre se explican. Barcelona, Graó. CASADO ROMERO, A. (2010) Aprender a ser maestro: creencias de los estudiantes de Magisterio sobre la interacción en el aula. Cuenca, Universidade de Castela-A Mancha. CAMPS, V. (2008) Creer en la educación. La asignatura pendiente. Barcelona, Península. CASTELLS CUIXART, P. (2011) Tenemos que educar: ideas para acabar con la crisis de autoridad y la mala educación. Barcelona, Península. DOMENECH, J. e GUERRERO, J. (2005) Miradas a la educación que queremos. Barcelona, Graó. ESCUDERO PÉREZ, J. e MARTÍNEZ TEN, L. (coords.) (2011) Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y ciudadanía. Madrid, Los Libros de la Catarata. ESTEVE, O.; MELLEFF, K. e ANSINA, A. (coords.) (2010) Creando mi profesión. Una propuesta para el desarrollo profesional del profesorado. Barcelona, Octaedro. GARCÍA ARETIO, L. (2009) Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedad actual. Madrid, UNED. GIMENO SACRISTÁN, J. (comp.) (2006) La reforma necesaria. Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid, Morata. MAÑU NOAIN, J. (2010) Docentes competentes. Por una educación de calidad. Madrid, Narcea. ORTEGA, R. (coord.) (2010) Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar. Madrid, Alianza. PÉREZ SERRANO, G. (2010) Aprender a convivir: el conflicto como oportunidad de crecimiento. Madrid, Narcea. RODICIO-GARCÍA, M. L. e IGLESIAS-CORTIZAS, M. J. (2011) El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid, Biblioteca Nueva. RODRÍGUEZ JARES, X. (2006) Aprender a convivir. Vigo, Xerais. SANCHO GARGALLO, M. et al. (2007) Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica. Madrid, Fundación Europea Sociedade e Educación. SEGOVIA GARCÍA, N. (2006) Aplicación de las TIC a la docencia. Usos prácticos de las nuevas tecnologías. Vigo, Ideas Propias. SUBIRATS, M. e TOMÉ, A. (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación . Barcelona, Octaedro.</p> |
|---------------------|---|





|                      |   |
|----------------------|---|
| <b>Complementary</b> | CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2009) Narraciones de la escuela. Barcelona, Editorial Davinci. CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2010) Narraciones de maestros. Barcelona, Editorial Davinci. DÍEZ NAVARRO, C. (2003) El piso de abajo de la escuela. Barcelona, Graó. McCOURT, F. (2005) El profesor. Madrid, Maeva. PENNAC, C. (2008) Mal de escuela. Barcelona, Mondadori. SOBRADO, L.; FERNÁNDEZ, E. y RODICIO, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva. TONUCCI, F. (1988) Niño se nace. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1989) Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1993) La soledad de los niños. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1994) Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (2003) Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez. |
|----------------------|---|

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

### Other comments

#### 1. A entrega dos

traballos documentais que se realicen nesta materia: 1.1. Realizarase a través da aplicación, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 1.2. De realizarse en papel, seguindo as indicacións do profesorado titor de facultade: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores. 2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural. 3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?). 5. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. 6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero proporanse accións e medidas para corrixilas. 7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.